



Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **9 de setembro de 2024** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

XXI.- Rogos e preguntas: Escrito de alegacións relativo á clasificación do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado "Comunal da parroquia de Bembibre", a favor dos veciños da parroquia de Bembibre, no concello de Viana do Bolo.

María Jesús Cortés Rodríguez, en representación de Dña. María Teresa Rodríguez Rodríguez, presentou un escrito de alegacións no que solicita a exclusión da parcela con referencia catastral 32087A03300941. Dito escrito foi presentado o día 15 de marzo de 2024, dentro do prazo de alegacións contra o acordo de inicio do procedemento, pero non tivo entrada no rexistro da Consellería do Medio Rural ata o día 20 de maio de 2024. Resultando que o Xurado Provincial acordou a clasificación do monte veciñal o día 9 de abril, polo que non tivo en conta o escrito de alegacións presentado debido ao descoñecemento do mesmo.

Outorgado trámite de audiencia aos veciños da parroquia de Bembibre, os mesmos non manifestaron a súa oposición á solicitude formulada.

O Xurado Provincial acorda a estimación da solicitude de exclusión, tendo en conta que en casos similares e ante a conformidade dos veciños foron excluídas do procedemento de clasificación as parcelas 32087A03300917 e 32087A13400810. O Xurado considera que dadas as circunstancias procede realizar unha rectificación de erros na resolución de clasificación.

Vº. e praxe

O Presidente do Xurado

José Antonio Armada Pérez



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

EDICTO do 3 de maio de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Comunal da parroquia de Bembibre, a favor dos veciños da parroquia de Bembibre, no concello de Viana do Bolo.

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar o 9 de abril de 2024, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Comunal da parroquia de Bembibre, a favor dos veciños da parroquia de Bembibre, no concello de Viana do Bolo, resultan os seguintes feitos:

Primeiro. O 7 de xullo de 2022 tivo entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural un escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común da CMVMC de José Manuel Novoas Carballo, en que solicitaba a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas Comunal da parroquia de Bembibre.

Segundo. O 11 de decembro de 2023, o Xurado Provincial acordou iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e realizando as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período de un mes para a práctica de alegacións.

Terceiro. Durante a tramitación do expediente presentaron escritos de alegacións dous particulares. Por unha parte, Benigno Basteiro Rodríguez solicitou a exclusión da parcela catastral 32087A03300917, xa que afirma que é titular dela. Presenta unha certificación catastral en apoio da súa reclamación.



Por outro lado, Manuela Rodríguez Guerra presentou un escrito de alegacións en que se opón á clasificación da parcela catastral 32087A13400810. Xunta xustificación acreditativa de ser herdeira da titular catastral desta.

O representante veciñal manifestou na reunión que está de acordo coas reclamacións presentadas, xa que as parcelas se incluíron por erro e non teñen carácter veciñal.

O Xurado Provincial, tendo en conta a conformidade da comunidade veciñal, acordou a clasificación do monte veciñal coa exclusión das dúas parcelas citadas.

Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación existente no expediente, descríbese así:

Nome do monte: Comunal da parroquia de Bembibre.

Superficie: 33,16 ha.

Pertenza: veciños/as da parroquia de Bembibre.

Parroquia: Bembibre (Santo André).

Concello: Viana do Bolo.

Descrición dos predios que constitúen o monte:

Predio 1 (A e B):

Os terreos incluídos neste predio constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ben que están atravesados por un camiño correspondente á parcela coa referencia catastral 32087A03309006.

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03300941 (parte) 32087A03300947	Norte	Polígono 33, parcelas: 945, 9006, 948, 952
	Leste	Polígono 33, parcelas: 953, 916, 917
	Sur	Polígono 33, parcelas: 932, 930, 9006
	Oeste	Polígono 33, parcelas: 941 (resto), 939, 944



Predio 2 (B):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03300934	Norte	Polígono 33, parcelas: 917, 916
	Leste	Polígono 33, parcelas: 914, 912
	Sur	Polígono 33, parcelas: 911, 899
	Oeste	Polígono 3, parcela 932

Predio 3 (C):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03300929	Norte	Polígono 32, parcela 9018; polígono 33, parcelas: 921, 9013, 762, 925, 926
	Leste	Polígono 33, parcelas: 9013 (camiño), 775, 774
	Sur	Polígono 33, parcelas: 774, 773, 778, 770, 765, 763
	Oeste	Polígono 33, parcelas: 761, 754

Predio 4 (D):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03300662	Norte	Polígono 33, parcela 663
	Leste	Polígono 33, parcela 655
	Sur	Polígono 33, parcela 656
	Oeste	Polígono 33, parcelas: 900, 901, 902

Predio 5 (E):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03301011 32087A03301013	Norte	Polígono 33, parcelas: 774, 773, 780, 778, 779, 788, 777, 776, 769, 765
	Leste	Polígono 33, parcelas: 774, 9006 (estrada), 1077, 877, 879, 878
	Sur	Polígono 33, parcelas: 808, 809, 806, 793, 789, 790, 787, 748, 1046
	Oeste	Polígono 32, parcela 9018



Predio 6 (F):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03300873	Norte	Polígono 33, parcela 870
	Leste	Polígono 33, parcela 870
	Sur	Polígono 33, parcelas: 871, 872
	Oeste	Polígono 33, parcela 882

Predio 7 (G):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03201013	Norte	Polígono 31, parcela 9002; polígono 33, parcela 1025
	Leste	Polígono 32, parcelas: 1025, 1015, 1016, 1005
	Sur	Polígono 31, parcela 9002
	Oeste	Polígono 31, parcela 9002

Predio 8 (H):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03100208	Norte	Polígono 31, parcela 9008
	Leste	Polígono 31, parcelas: 9008, 276, 277
	Sur	Polígono 31, parcelas: 9001, 277
	Oeste	Polígono 31, parcela 9001

Predio 9 (I):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03100206	Norte	Polígono 31, parcela 205
	Leste	Polígono 31, parcela 9002
	Sur	Polígono 31, parcelas: 9002, 198
	Oeste	Polígono 31, parcela 198

CVE-DOG: mhs0hkf1-unj2-bkx4-blo9-r115h9romu00



Predio 10 (J):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03300569	Norte	Polígono 33, parcelas: 583, 415, 414, 582
	Leste	Polígono 33, parcelas: 582, 580
	Sur	Polígono 33, parcela 568
	Oeste	Polígono 33, parcelas: 414, 416

Predio 11 (K e L):

Os terreos incluídos neste predio constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ben que están atravesados por un camiño correspondente á parcela coa referencia catastral 32087A03309002.

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03300824 32087A03301071	Norte	Polígono 33, parcelas: 9002, 792, 811, 810, 807, 806, 801, 800
	Leste	Polígono 33, parcelas: 812, 813, 814
	Sur	Polígono 33, parcelas: 510, 511, 1039, 9002, 1034, 512, 515, 516, 526, 530, 532, 535, 537, 539, 541, 544, 545
	Oeste	Polígono 33, parcelas: 593, 592, 591, 590, 589, 581, 598, 599, 570, 566, 565
	Enclavado	Polígono 33, parcela 803 (excluída)

Predio 12 (M):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03300844	Norte	Polígono 33, parcelas: 851, 852, 856, 857, 855
	Leste	Polígono 33, parcela 9012
	Sur	Polígono 33, parcelas: 822, 821, 820
	Oeste	Polígono 33, parcela 819



Predio 13 (N):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03300630	Norte	Polígono 33, parcela 631
	Leste	Polígono 33, parcela 629
	Sur	Polígono 33, parcela 624
	Oeste	Polígono 33, parcelas: 861, 848

Predio 14 (O):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A13300249	Norte	Polígono 133, parcelas: 274, 254, 258, 248
	Leste	Polígono 31, parcela 9001
	Sur	Polígono 33, parcela 9001; polígono 133, parcelas: 232, 233
	Oeste	Polígono 133, parcelas: 278, 279, 253, 246, 247, 243, 245, 244, 240

Predio 15 (P):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03300614	Norte	Polígono 33, parcelas: 620, 618, 616, 615
	Leste	Polígono 33, parcela 186
	Sur	Polígono 33, parcela 180
	Oeste	Polígono 33, parcelas: 839, 838, 837

Predio 16 (Q):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03300518	Norte	Polígono 33, parcela 513
	Leste	Polígono 33, parcela 9002
	Sur	Polígono 33, parcelas 517, 9002
	Oeste	Polígono 33, parcela 517



Predio 17 (R):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03300505	Norte	Polígono 33, parcela 507
	Leste	Polígono 33, parcela 9012
	Sur	Polígono 33, parcela 9012
	Oeste	Polígono 33, parcela 9006

Predio 18 (S):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03300611 32087A03300612 32087A03300827	Norte	Polígono 33, parcelas: 835, 504, 503
	Leste	Polígono 33, parcelas: 179, 170, 169, 168, 167
	Sur	Polígono 33, parcelas: 167, 609, 608, 607, 606
	Oeste	Polígono 33, parcelas: 502, 498, 499, 491, 493, 494, 610, 496

Predio 19 (T):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03300549	Norte	Polígono 33, parcelas: 451, 554
	Leste	Polígono 33, parcelas: 448, 447
	Sur	Polígono 33, parcela 438
	Oeste	Polígono 33, parcelas 9009, 386

Predio 20 (U):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03300497	Norte	Polígono 33, parcelas: 495, 488, 487, 480, 278
	Leste	Polígono 33, parcelas: 496, 261, 262
	Sur	Polígono 33, parcela 275
	Oeste	Polígono 33, parcela 277



Predio 21 (W e X):

Os terreos incluídos neste predio constitúen un único couto redondo, segundo a definición que figura no artigo 8 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ben que están atravesados por un camiño correspondente á parcela coa referencia catastral 32087A13109003.

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A13100256 32087A13300172	Norte	Polígono 133, parcelas: 5, 184, 174, 176, 178, 171
	Leste	Polígono 131, parcelas: 9003, 9016
	Sur	Polígono 131, parcelas: 9016, 312, 311, 310, 309, 308, 307, 306, 259, 258, 9003; polígono 133, parcelas: 173, 9004
	Oeste	Polígono 133, parcela 131

Predio 22 (Y):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A13300097	Norte	Polígono 133, parcela 96
	Leste	Polígono 133, parcelas: 99, 98, 90, 89, 88
	Sur	Polígono 133, parcela 9007
	Oeste	Polígono 133, parcelas: 96 (parte), 95, 94, 93, 92, 91, 86

Predio 23 (Z):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A13100274	Norte	Polígono 131, parcelas: 1303, 1304, 1306, 269, 273
	Leste	Polígono 131, parcelas: 1306, 167
	Sur	Polígono 131, parcelas: 159, 160
	Oeste	Polígono 131, parcelas: 267, 268, 278, 272, 270, 276, 9015, 275



Predio 24 (AA):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A03300840	Norte	Polígono 33, parcela 624
	Leste	Polígono 33, parcela 620
	Sur	Polígono 33, parcela 839
	Oeste	Polígono 33, parcela 843

Predio 25 (AB):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A13100241	Norte	Polígono 131, parcelas: 203, 1302
	Leste	Polígono 131, parcelas: 240, 1294, 1293, 108
	Sur	Polígono 131, parcelas: 107
	Oeste	Polígono 131, parcelas: 183, 179, 114

Predio 26 (AC):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A13300072	Norte	Polígono 131, parcela 58
	Leste	Polígono 131, parcela 65
	Sur	Polígono 131, parcelas: 73, 71, 68
	Oeste	Polígono 131, parcelas: 58; polígono 133, parcela 74

Predio 27 (AD):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A13101231	Norte	Polígono 131, parcelas: 65, 66
	Leste	Polígono 131, parcelas: 9007, 1357
	Sur	Polígono 131, parcelas: 97, 72
	Oeste	Polígono 131, parcelas: 267, 268, 278, 272, 270, 276, 9015, 275
	Encravado	Polígono 131, parcela 1357 (excluída)



Predio 28 (AE):

Parcelas obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
Referencia catastral	Lindeiros	
32087A13300288	Norte	Polígono 133, parcela 287
	Leste	Polígono 133, parcelas: 283, 282, 9005, 204
	Sur	Polígono 133, parcelas: 203, 202
	Oeste	Polígono 133, parcelas: 290, 291, 292

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei “son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas os membros daquelas na súa condición de veciños”.

Terceiro. É reiterada doutrina da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa. Corresponde constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de



setembro, o Decreto 223/2022, do 22 de decembro, que establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o Xurado Provincial, por unanimidade dos seus membros,

RESOLVE:

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado Comunal da parroquia de Bemibre, de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 3 de maio de 2024

Luis Jorge Álvarez Ferro
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de
Montes Veciñais en Man Común de Ourense

CVE-DOG: mhs0hkf1-unj2-bkx4-blo9-r115h9romu00



VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**


CORRECCIÓN DE ERROS. Edicto do 3 de maio de 2024, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Comunal da parroquia de Bembibre, a favor dos veciños da Parroquia de Bembibre, no concello de Viana do Bolo.

Advertido un erro no devandito edicto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 95, do 16 de maio de 2024, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 29842, onde di: «Superficie: 33,16 ha.», debe dicir: «Superficie: 32,53 ha.».


CVE-DOG: 8eyty06-o662-p514-r3d9-8lwbjzybndd5





 **XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DE OURENSE

Expediente de clasificación coma MVMC do monte denominado
"Comunal da Parroquia de Bembibre", no concello de Viana do Bolo



ESCALA:
1:8000
DATA:
Setembro 2024

Sistema de referencia ETRS89
Coordenadas UTM
Fuso 29

BASE CARTOGRÁFICA:
PNOA 2024
+
Catastro

 **Perímetro clasificado**